

Enquisa de poboación activa. Cuarto trimestre de 2010

NOTA DE PRENSA

No cuarto trimestre de 2010 a taxa de paro sitúase no 15,7%

Activos

No cuarto trimestre de 2010 a poboación galega de 16 ou máis anos é de 2.382.100 persoas, das cales 1.296.600 clasifícanse como activas, o que sitúa a taxa de actividade no 54,4%. Con respecto ao trimestre anterior, o número de activos diminúe en 17.400 persoas e a taxa de actividade sete décimas.

Con respecto ao mesmo trimestre do ano anterior, o número de activos baixa en 10.700 persoas e a taxa de actividade catro décimas.

Poboación de 16 ou máis anos segundo a relación coa actividade económica. Galicia. Cuarto trimestre de 2010

Miles de persoas e porcentaxes

	Dato do trimestre actual	Variación sobre o trimestre anterior		Variación sobre o mesmo trimestre do ano anterior	
		Absoluta (diferenza)	Relativa (%)	Absoluta (diferenza)	Relativa (%)
Poboación de 16 ou máis anos	2.382,1	-1,1	0,0	-3,9	-0,2
Activos	1.296,6	-17,4	-1,3	-10,7	-0,8
Ocupados	1.093,1	-25,6	-2,3	-45,8	-4,0
Parados	203,5	8,2	4,2	35,1	20,8
Inactivos	1.085,5	16,3	1,5	6,7	0,6

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Por sexo, a taxa de actividade masculina baixa 1,1 puntos con respecto ao terceiro trimestre de 2010 e sitúase no 61,5%. Pola súa banda, a taxa de actividade feminina diminúe tres décimas ata o 48%



Poboación activa e taxas de actividade segundo o sexo. Galicia. Cuarto trimestre de 2010

Miles de persoas e porcentaxes

	Trimestre actual	Variación sobre o trimestre anterior		Variación sobre o mesmo trimestre do ano anterior	
		Absoluta (diferenza)	Relativa (%)	Absoluta (diferenza)	Relativa (%)
Poboación activa					
Total	1.296,6	-17,4	-1,3	-10,7	-0,8
Homes	699,3	-12,8	-1,8	-8,9	-1,3
Mulleres	597,3	-4,6	-0,8	-1,7	-0,3
Taxa de actividade					
Total	54,4	-0,7	-	-0,4	-
Homes	61,5	-1,1	-	-0,6	-
Mulleres	48,0	-0,3	-	-0,1	-

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Ocupados

A ocupación diminúe en 25.600 persoas no trimestre ata situarse en 1.093.100 ocupados. A taxa de ocupación descende 1 punto no cuarto trimestre de 2010 con respecto ao trimestre anterior.

Nos últimos doce meses o número de ocupados diminúe en 45.800 persoas o que supón unha redución do 4% do número de ocupados nun ano.

Por sexo, neste trimestre prodúcese unha baixada no número de homes ocupados (19.400 menos que no trimestre anterior) e no de mulleres (6.200 menos). Isto tradúcese nunha baixada de 1,7 puntos na taxa de ocupación masculina e 0,5 puntos na feminina.

Con respecto ao cuarto trimestre do ano 2009, o número de homes ocupados descende en 31.100 persoas e o de mulleres ocupadas en 14.600. En termos relativos, isto supón unha diminución interanual do 5% e do 2,8% respectivamente.

Poboación ocupada e taxas de ocupación segundo o sexo. Galicia. Cuarto trimestre de 2010

Miles de persoas e porcentaxes

	Trimestre actual	Variación sobre o trimestre anterior		Variación sobre o mesmo trimestre do ano anterior	
		Absoluta (diferenza)	Relativa (%)	Absoluta (diferenza)	Relativa (%)
Poboación ocupada					
Total	1.093,1	-25,6	-2,3	-45,8	-4,0
Homes	593,0	-19,4	-3,2	-31,1	-5,0
Mulleres	500,1	-6,2	-1,2	-14,6	-2,8
Taxa de ocupación					
Total	45,9	-1,0	-	-1,8	-
Homes	52,1	-1,7	-	-2,7	-
Mulleres	40,2	-0,5	-	-1,1	-

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Atendendo aos sectores de actividade económica (segundo a CNAE2009), o número de ocupados nos servizos baixa en 10.700 persoas no trimestre e sitúase en 737.000. A industria e a construción perden 5.800 e 5.900 ocupados respectivamente e a agricultura e pesca 3.300.

Con respecto ao mesmo trimestre do ano anterior, o número de ocupados na construción cae un 13,2%, na industria un 8,5%, nos servizos un 1,8% e na agricultura e pesca un 1,6%.

Poboación ocupada segundo sectores de actividade. Galicia. Cuarto trimestre de 2010

Miles de persoas e porcentaxes

	Trimestre actual	Variación sobre o trimestre anterior		Variación sobre o mesmo trimestre do ano anterior	
		Absoluta (diferenza)	Relativa (%)	Absoluta (diferenza)	Relativa (%)
Total	1.093,1	-25,6	-2,3	-45,8	-4,0
Agricultura e pesca	87,2	-3,3	-3,6	-1,4	-1,6
Industria	167,4	-5,8	-3,3	-15,5	-8,5
Construción	101,5	-5,9	-5,5	-15,5	-13,2
Servizos	737,0	-10,7	-1,4	-13,4	-1,8

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Asalariados

En Galicia hai 850.200 asalariados no cuarto trimestre de 2010, 636.300 con contrato indefinido e os 213.900 restantes con contrato temporal. Con respecto ao trimestre anterior hai 11.400 asalariados menos con contrato indefinido, o que supón unha diminución do 1,8%. O número de asalariados con contrato temporal baixou en 16.500 persoas (un 7,2% menos). No que respecta á variación interanual, os asalariados con contrato temporal diminuíron un 7,2% e os con contrato indefinido un 3,9%.

A taxa de temporalidade, calculada como a porcentaxe de asalariados con contrato temporal sobre o total de asalariados, diminúe 1,1 puntos neste trimestre ata o 25,2%.

Poboación asalariada segundo tipo de contrato e taxa de temporalidade. Galicia. Cuarto trimestre de 2010

Miles de persoas e porcentaxes

	Trimestre actual	Variación sobre o trimestre anterior		Variación sobre o mesmo trimestre do ano anterior	
		Absoluta (diferenza)	Relativa (%)	Absoluta (diferenza)	Relativa (%)
Poboación asalariada					
Total	850,2	-27,9	-3,2	-42,1	-4,7
Contrato indefinido	636,3	-11,4	-1,8	-25,6	-3,9
Contrato temporal	213,9	-16,5	-7,2	-16,5	-7,2
Taxa de temporalidade	25,2	-1,1	-	-0,7	-

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Parados

No cuarto trimestre de 2010 Galicia conta con 203.500 parados, 8.200 máis que no trimestre anterior. En termos relativos isto supón un incremento do 4,2%. A taxa de paro sobe 0,8 puntos e sitúase no 15,7%.

Con respecto ao cuarto trimestre do ano 2009, o número de parados aumenta en 35.100 persoas (un 20,8%) e a taxa de paro 2,8 puntos.

Este trimestre o paro aumenta máis entre os homes (6.600 parados máis) que entre as mulleres (1.600). O número total de homes parados é de 106.300 e o de mulleres 97.200. A taxa de paro masculina e feminina aumentan 1,2 e 0,4 puntos respectivamente ata o 15,2% e o 16,3%, respectivamente.

No tocante a variación interanual, o número de parados incrementábase en 22.200 persoas entre os homes (un 26,4% máis) e 12.900 entre as mulleres (un 15,3% máis).

Poboación parada e taxas de paro segundo o sexo. Galicia. Cuarto trimestre de 2010

Miles de persoas e porcentaxes

	Trimestre actual	Variación sobre o trimestre anterior		Variación sobre o mesmo trimestre do ano anterior	
		Absoluta (diferenza)	Relativa (%)	Absoluta (diferenza)	Relativa (%)
Poboación parada					
Total	203,5	8,2	4,2	35,1	20,8
Homes	106,3	6,6	6,6	22,2	26,4
Mulleres	97,2	1,6	1,7	12,9	15,3
Taxa de paro					
Total	15,7	0,8	-	2,8	-
Homes	15,2	1,2	-	3,3	-
Mulleres	16,3	0,4	-	2,2	-

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Fogares

No cuarto trimestre de 2010, o número de fogares con polo menos un activo e nos que todos os seus membros activos están parados aumentou en 4.000 fogares ata acadar os 61.900. Respecto ao cuarto trimestre de 2009 esta tipoloxía de fogares aumenta un 25,6%.

Pola súa banda, o número de fogares nos que todos os seus membros activos son ocupados diminúe en 10.200. O número de fogares nesta situación é de 569.700. En relación co mesmo trimestre do ano anterior hai 20.800 fogares menos nesta situación, o que supón unha baixada do 3,5% en termos relativos.



Vivendas segundo a tipoloxía de actividade. Galicia. Cuarto trimestre de 2010

Miles de vivendas e porcentaxes

	Trimestre actual	Variación sobre o trimestre anterior		Variación sobre o mesmo trimestre do ano anterior	
		Absoluta (diferenza)	Relativa (%)	Absoluta (diferenza)	Relativa (%)
Total	1.026,5	2,3	0,2	16,2	1,6
Fogares con polo menos un activo	744,9	-3,3	-0,4	8,8	1,2
Todos os activos son ocupados	569,7	-10,2	-1,8	-20,8	-3,5
Todos os activos son parados	61,9	4,0	6,9	12,6	25,6
Con ocupados e parados	113,2	2,9	2,6	16,9	17,5
Fogares nos que non hai ningún activo	281,6	5,6	2,0	7,4	2,7

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Poboación xuvenil

Dos 411.400 mozos galegos de entre 16 e 29 anos, 174.700 están ocupados, 67.600 parados e os 169.100 restantes son inactivos (o 86,1% estudantes).

A taxa de ocupación deste colectivo sitúase no 42,5% no cuarto trimestre de 2010. Con respecto ao trimestre anterior baixou 3,4 puntos e con respecto ao mesmo trimestre do ano 2009 baixou 4,2 puntos.

A taxa de paro xuvenil subiu durante o trimestre 2,6 puntos ata situarse no 27,9%. En comparación co cuarto trimestre de 2009 incrementouse 3,9 puntos.

Poboación de 16 a 29 anos segundo a relación coa actividade económica. Galicia.

Cuarto trimestre de 2010

Miles de persoas e porcentaxes

	Dato do trimestre actual	Variación sobre o trimestre anterior		Variación sobre o mesmo trimestre do ano anterior	
		Absoluta (diferenza)	Relativa (%)	Absoluta (diferenza)	Relativa (%)
Poboación de 16 a 29 anos	411,4	-4,8	-1,2	-20,0	-4,6
Activos	242,3	-13,2	-5,2	-22,8	-8,6
Ocupados	174,7	-16,0	-8,4	-26,7	-13,2
Parados	67,6	2,9	4,4	3,9	6,1
Inactivos	169,1	8,4	5,2	2,8	1,7
Taxa de actividade	58,9	-2,5	-	-2,5	-
Taxa de ocupación	42,5	-3,4	-	-4,2	-
Taxa de paro	27,9	2,6	-	3,9	-

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

No cuarto trimestre de 2010, o 80,4% dos ocupados de entre 16 e 29 anos ten xornada completa. Para o conxunto dos ocupados esta porcentaxe é do 88,1%. Con respecto ao terceiro trimestre deste ano, aumentou o número de mozos con xornada parcial (6,2%) e

diminuíu o número dos que teñen xornada completa (11,4%). Con respecto ao cuarto trimestre de 2009 prodúcese unha baixada do 15,9% nos mozos ocupados con xornada completa.

Poboación ocupada de 16 a 29 anos segundo o tipo de xornada. Galicia. Cuarto trimestre de 2010

Miles de persoas e porcentaxes

	Trimestre actual	Variación sobre o trimestre anterior		Variación sobre o mesmo trimestre do ano anterior	
		Absoluta (diferenza)	Relativa (%)	Absoluta (diferenza)	Relativa (%)
Tipo de xornada					
Total	174,7	-16,0	-8,4	-26,6	-13,2
Completa	140,4	-18,0	-11,4	-26,6	-15,9
Parcial	34,3	2,0	6,2	0,0	0,0

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Dos 154.600 asalariados existentes neste trimestre de entre 16 e 29 anos, 77.200 teñen contrato indefinido, o que supón unha diminución do 2,2% respecto ao trimestre anterior e do 16,4% respecto ao mesmo trimestre do ano anterior. Pola súa banda o número de mozos asalariados con contrato temporal diminuíu un 15,5% no trimestre ata situarse en 77.400. Respecto ao cuarto trimestre de 2009 produciuse unha caída do 16,3% para os mozos con este tipo de contrato.

A taxa de temporalidade para o colectivo dos mozos e mozas de entre 16 e 29 anos sitúase no 50,1% no cuarto trimestre de 2010. Con respecto ao trimestre anterior esta taxa baixou 3,6 puntos e con respecto ao mesmo trimestre do ano mantense constante.

Poboación asalariada de 16 a 29 anos segundo a duración do contrato. Galicia. Cuarto trimestre de 2010

Miles de persoas e porcentaxes

	Trimestre actual	Variación sobre o trimestre anterior		Variación sobre o mesmo trimestre do ano anterior	
		Absoluta (diferenza)	Relativa (%)	Absoluta (diferenza)	Relativa (%)
Duración do contrato					
Total	154,6	-16,0	-9,4	-30,2	-16,3
Indefinido	77,2	-1,7	-2,2	-15,1	-16,4
Temporal	77,4	-14,2	-15,5	-15,1	-16,3
Taxa de temporalidade	50,1	-3,6	-	0,0	-

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Grandes municipios

Para os sete grandes municipios galegos, Santiago de Compostela é o que presenta a maior taxa de ocupación (56,4%) e a menor taxa de paro (10,8%). Ferrol, cun 43,8%, é o concello coa menor taxa de ocupación, e Pontevedra é o que conta cunha maior taxa de paro (22,5%).



Poboación segundo a relación coa actividade económica e taxas de actividade, ocupación e paro. Grandes municipios galegos. Cuarto trimestre de 2010

Miles de persoas e porcentaxes

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Santiago de Compostela	Vigo	Ferrol
Poboación de 16 ou máis anos	211,6	86,2	95,4	71,1	81,5	257,1	63,0
Activos	120,1	52,9	52,5	42,7	51,5	152,6	34,0
Ocupados	103,2	45,6	45,3	33,1	45,9	123,6	27,6
Parados	17,0	7,3	7,2	9,6	5,6	29,0	6,4
Inactivos	91,4	33,3	42,9	28,4	30,0	104,4	29,0
Taxa de actividade	56,8	61,4	55,1	60,1	63,2	59,4	53,9
Taxa de ocupación	48,8	52,9	47,5	46,6	56,4	48,1	43,8
Taxa de paro	14,1	13,8	13,8	22,5	10,8	19,0	18,8

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Nota: os resultados dos sete grandes concellos deben tomarse con precaución porque poden estar afectados por elevados erros de mostraxe

Pódese consultar a metodoloxía desta estatística en:

http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_EPA_2005_Dupli_gl.pdf

Información detallada en:

http://www.ige.eu/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0204008

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística

Complexo Administrativo San Lázaro s/n

15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>

Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)

FAX: 981.54.13.23

Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>